

TEMA 25. O establecemento da II República (forzas políticas e constitución de 1931)

Sempre tendo en conta a información subministrada polos documentos, o alumnado deberá explicar o **proceso político que levou á implantación da II República** e referirse ao **contexto socioeconómico** no que esta se establece; afondará nas **distintas forzas políticas** que se configuran neste período tanto a favor como en contra da fórmula republicana, analizando os seus principais **trazos ideolóxicos e apoios**, e comentará as principais características da **Constitución de 1931**.

1. A PROCLAMACIÓN DA REPÚBLICA

O 29 de xaneiro de 1930, **Primo** presenta a súa dimisión ao rei, que a acepta, e marcha a París, onde morre poucas semanas despois, enfermo de diabete. **Alfonso XIII** reacciona entregando o goberno a outro militar: o **XENERAL BERENGUER**, encargándolle volver progresivamente ao sistema constitucional de 1876, como se nada, polo que esta ditadura de **Berenguer** pasou a ser coñecida popularmente como **Ditabranda**. Pero para entón a impopularidade do rei é xa tan grande, que políticos de todos as cores (republicanos, nacionalistas, socialistas, antigos monárquicos...) reúnense en **agosto de 1930** para acordar verbalmente o **PACTO DE SAN SEBASTIÁN**, no que, formando un **Comité Revolucionario** para coordinar unha sublevación, acordan intentar derrubar a monarquía para establecer unha república democrática, convocar despois eleccións libres a Cortes constituíntes (nova Constitución), e recoñecer no futuro a autonomía de Cataluña, Galicia e as provincias vascas.

En decembro, o artigo do filósofo **Ortega y Gasset** “A monarquía debe ser destruída”, e os dous intentos de golpe de estado en favor da república (en Jaca e Madrid), fracasados, fan que o rei substitúa á fronte do Goberno a **Berenguer** polo **ALMIRANTE AZNAR**, quen decide convocar eleccións municipais para o **12 de abril de 1931**.

Dada a situación, todo o mundo as viu como un plebiscito a favor ou en contra da monarquía. Aínda que o resultado foi de empate entre partidos monárquicos e republicanos, estes últimos arrasaron nas cidades, gañando en 41 das 50 capitais de provincia, o que foi considerado como un apoio masivo ao establecemento da república. Algunhas cidades (Eibar foi a 1ª) proclamaron directamente o cambio de sistema, e dous días despois, o 14 de abril de 1931, proclámase oficialmente a Segunda República. Sen apoios e por medio dunha carta publicada na prensa, **Alfonso XIII** exíliase (sen abdicar).

2. O CONTEXTO SOCIOECONÓMICO

O contexto socioeconómico no que isto sucede vén marcada pola **Gran Depresión**, nome que se lle deu á profunda crise económica iniciada co **crac da bolsa de N.York en 1929** e que tamén afectou a España, facendo descender a actividade económica. Esta crise provocou tamén moita inestabilidade política, coas democracias cada vez máis cuestionadas en todo o mundo, e os fascismos e solucións autoritarias emerxendo como un alternativa en auxe. Neste contexto, que coincide co inicio da Segunda República, é no que comeza a incubarse unha nova guerra europea: a Guerra Civil española, que será o preludio da Segunda Guerra Mundial.

O poder en España é tomado inmediatamente por un **GOBERNO PROVISIONAL**, formado polos dirixentes do Comité Revolucionario no Pacto de S.Sebastián. e dirixido por **Niceto Alcalá Zamora**, como presidente do goberno.

Desde o 14 abril ao 14 de outubro de 1931 (día no que **Azaña** substitúe a **Alcalá-Zamora** tras dimitir este en desacordo co debate sobre o Estado laico na Constitución), o país estivo dirixido por ese **Goberno Provisional** (estará ata a aprobación da Constitución), que non agardou para abordar as que consideraba tarefas máis urxentes:

- 1) Negociar cos nacionalistas cataláns, liderados por **Francesc Macià** (ERC) que aproveitaran a vitoria republicana para... proclamar o Estado catalán! O Gob.Prov. logra que renuncien a cambio de facilitar un **Estatuto de Autonomía**.
- 2) Frear o conflito co clero: expulsando ao combativo **cardeal Segura**, arcebispo de Toledo, e calmando a radicais anticlericais que en maio'31 queimaron arredor de cen edificios, algo que foi desastroso xa que quebrou a confianza da poboación católica na República.
- 3) Aprobar unha serie de decretos cos que reformaban xa cuestións clave como: a agricultura, a educación, o exército, a cuestión dos nacionalismos periféricos...
- 4) Convocar eleccións a cortes constituíntes por sufraxio univ. masc.(votan homes) e universal pasivo (é dicir, que as mulleres poidan presentarse para ser votadas). Estas eleccións deron a maioría ao PSOE e aos partidos republicanos.

En liñas xerais pódense diferenciar catro grandes grupos políticos e ideolóxicos:

- 1) **A extrema dereita (autoritarios).** Non aceptan a legalidade republicana, decláranse antimarxistas e defender a unidade, a orde social e o catolicismo. Defendía esa tendencia a oligarquía terratenente, a alta burguesía financeira e industrial, os pequenos e medianos propietarios agrarios e a burguesía urbana. As súas principais organizacións foron as fascistas como as **Xuntas de Ofensiva Nacional-Sindicalista**, e a **Falanxe Española** de José Antonio Primo de Rivera -fillo do ditador Miguel Primo de Rivera- (en 1934 uníranse con FET-XONS), os **carlistas** e a **Renovación Española** de Calvo Sotelo.
- 2) **As dereitas católicas.** De visión cristiá da vida e polo tanto defensoras dos dereitos da igrexa, a propiedade privada e a orde tradicional. Os seus partidarios son os mesmos que os do grupo anterior, e entre as súas organizacións destacan: o **Partido Agrario; Acción Popular**, base da **CEDA** (*Confederación Española de Dereitas Autónomas*, 1933) con Gil Robles á cabeza; **Liga Catalana** (novo nome da Liga Rexionalista dende 1933); o **Partido Nacionalista Vasco**; e **Organizacións Sindicais Católicas**.
- 3) **Os republicanos** defendían a República como forma de Estado, o laicismo, e o reformismo. Os seus partidarios eran a pequena burguesía, as clases medias urbanas e os numerosos intelectuais españoles. As súas organizacións hai que dividilas en: Dereitas coa **Dereita Liberal Republicana**, de Alcalá Zamora; Centrodereita co **Partido Republicano Radical** de Alejandro Lerroux; Esquerdas coa **Acción Republicana** de Manuel Azaña, a **Organización Republicana Galega Autónoma** de Casares Quiroga e a **Esquerda Republicana de Catalunya** con Francesc Maciá e Lluís Companys.
- 4) **Os de esquerdas** que defendían os intereses dos traballadores industriais e xornaleiros agrícolas, a abolición da propiedade privada e das diferenzas de clases, e oscilaban entre o apoio e a oposición aos gobernos republicanos. Os seus principais partidarios eran os obreiros industriais e os xornaleiros agrícolas. As súas organizacións divídense en: Socialistas co **PSOE** de Indalecio Prieto e a **UXT** de Francisco Largo Caballero; Comunistas do **Partido Comunista de España** con Dolores Ibárruri; Anarquistas co **CNT** de Buenaventura Durruti.

A CONSTITUCIÓN DE 1931

As Cortes constituíntes, presididas por **Julián Besteiro**, refrendaron os decretos elaborados polo Goberno provisional e crearon unha comisión para elaborar un proxecto de Constitución, formada maioritariamente por republicanos e socialistas. Os debates parlamentarios que orixinou a elaboración desta Constitución foron moi intensos e tiveron un amplo eco na opinión pública. Especialmente controvertidos foron a cuestión relixiosa e o voto das mulleres.

No segundo caso, a controversia non so foi política senón tamén sobre as capacidades das mulleres. Nas eleccións a Cortes constituíntes as mulleres non puideron votar pero si podían ser elexidas. Nestas circunstancias só conseguiran escano de deputadas tres mulleres, a escritora **Margarita Nelken** (polo PSOE) e as avogadas **Victoria Ken** (Partido Radical Socialista) e **Clara Campoamor** (Partido Radical). Estas dúas últimas protagonizaron un intenso debate sobre o voto feminino na sesión do 1 de outubro: mentres que **Clara Campoamor** defendía que a República debía conceder o voto á muller e que este figurase xa na Constitución, **Victoria Kent** argumentaba que se debía esperar a que a muller tivese maior formación política para que seu voto non estivese influído polo clero e as forzas conservadoras.

As Cortes aprobaron a nova Constitución o 9 de decembro de 1931, con 368 votos a favor, ningún en contra e 89 ausencias de deputados de dereitas, en desacordo co artigo 26 que regulaba as relacións entre a Igrexa e o Estado. Non foi sometida a referendo, o que impediu coñecer o grao de identificación cidadá con ela e outorgou argumentos á dereita para rexeitala, alegando que non respondía á opinión maioritaria do país.

A Constitución definía a España como unha **república de traballadores de toda clase** e como un **Estado integral compatible coa autonomía dos municipios e rexións** (fórmula ambigua entre o Estado unitario e o federal coa que dar satisfacción ás demandas políticas dos nacionalismos periféricos). Como fórmula política de goberno foi establecida a **república parlamentaria**. As Cortes, que estaban constituídas por unha única cámara, tiñan o poder lexislativo e o control dos orzamentos e do Goberno. O presidente da República era elixido polos deputados para un mandato de seis anos, e tiña a facultade de nomear e cesar ao presidente do Goberno, así como a facultade de

suspender e disolver as Cortes (pero só dúas veces no seu mandato) e estas podían destituílo en caso de emprego abusivo das súas prerrogativas. O presidente do Goberno e os seus ministros exercían o poder executivo e eran responsables ante as Cortes. Os dereitos, deberes e liberdades dos españois estaban claramente especificados. Ademais de recoller os dereitos individuais clásicos, a nova Constitución incorporaba os de libre asociación, reunión e sindicación, dereitos sociais relativos á familia, á educación e ao traballo.

A **Constitución** combinaba o dereito de propiedade privada (aínda que podía ser expropiada con indemnización, o que abría a posibilidade da reforma agraria) co dereito do Estado de intervir en asuntos económicos (tanto na produción como nas relacións laborais). Establecíase así un modelo de economía mixta, moi avanzado para a época, que provocou a oposición das dereitas e de moitos propietarios e industriais; sen embargo, os sectores máis radicais do movemento obreiro esixían máis.

Bibliografía:

- Libro de 2º de Bacharelato de Historia de España. Editorial Baía.
- Somos Historia do profesor Miguel Abaira. [COMPOSICIÓNS · SÉCULO XIX E XX](http://composicions.siglo19.com)
(somohistoriaconmiguelabraira.blogspot.com)